

PROXECTO VERBAS

A **finalidade** do proxecto é favorecer a transmisión de información actualizada sobre estas dúas enfermidades: dar a coñecer os novos tratamentos, os avances respecto á consecución da carga viral indetectable e seguir facendo fincapé nos métodos de prevención e nas prácticas de risco. Así mesmo, pretendemos tamén favorecer a redución do estigma social e potenciar que as persoas seropositivas beneficiarias desta formación acaden unha idea positiva de si mesmas.

Persoas destinatarias:

40 persoas drogodependentes e/ou en risco de exclusión social ou desprotección.

Obxectivo xeral:

Difundir unha adecuada e actualizada información sobre VIH e Hepatite, facendo fincapé no coñecemento dos novos tratamentos, na prevención e na diminución do estigma asociado a estas dúas enfermidades.

Obxectivos específicos:

VIH

- Analizar os datos da situación actual da epidemia do VIH.
- Coñecer o proceso de transmisión do virus contribuíndo ao establecemento dunha axeitada percepción de riscos.
- Coñecer os distintos mecanismos para a detección e prevención da transmisión.
- Informar sobre os resultados dos derradeiros estudos realizados sobre a transmisión e a carga viral indetectable.
- Promover que as persoas seropositivas acaden unha imaxe positiva de si mesmas.
- Dar a coñecer os novos escenarios que están favorecendo a transmisión do virus.

HEPATITE

- Mellorar o coñecemento sobre a enfermidade facendo fincapé nos dous tipos de hepatites máis prevalentes na nosa poboación: VHB e VHC
- Dar a coñecer as causas, tipos, síntomas e vías de transmisión respecto da infección.
- Coñecer os distintos mecanismos para a detección do virus facendo especial fincapé na proba rápida do VHC.
- Promover a utilización de métodos preventivos e contribuír a difusión do coñecemento da vacina da Hepatite B.
- Dar a coñecer os beneficios dos novos tratamentos de acción directa da Hepatite C.

Temporalización:

Data de inicio: 01/04/2018

Data de finalización: 31/10/2018

Lugar de realización:

Fundación Érguete-Integración, Avda. Martínez Garrido, 21, interior – 36205 Vigo